

A EXPRESIÓN ORAL (E ESCRITA).  
NOS LINDEIROS ENTRE O ORAL E O ESCRITO

*Elisa Fernández Rei*

Instituto da Lingua Galega (USC)

1. INTRODUCCIÓN

Ao achegármonos ao estudo da oralidade, ou se se quere da expresión oral, damos con dous paradoxos. O primeiro é que, fundamentalmente desde a aparición do estruturalismo, as gramáticas adoitan manifestar que o seu obxecto de estudo é a lingua oral, que a súa pretensión é describir como se fala ou como se xeran as mensaxes orais, mais na realidade case sempre se describe a lingua escrita ou, no mellor dos casos, producións orais posibles, pero non necesariamente reais. A consecuencia é que se describen aspectos que non adoitan estar presentes na oralidade e que hai moitos aspectos frecuentísimos nas producións orais que non se describen nin explican nas gramáticas. O segundo paradoxo é que os traballos en que se intenta definir ou precisar o concepto de oralidade parecen esixir sempre a contraposición de elementos que caracterizan esta fronte á escrita (Abascal 2004), cando en realidade é a oralidade o nivel necesariamente presente en todas as linguas e, por tanto, neste sentido é o nivel primario. Con todo, esta concepción da oralidade como nivel primario debe entenderse case exclusivamente no seu sentido cronolóxico, porque o desenvolvemento da escrita deu lugar a un sistema que hoxe en día, nas culturas letradas, non se pode considerar derivado, senón simplemente diferente:

(...) Neither speech nor writing needs to be considered primary to the exclusion of the other. Rather, both require analysis, and the linguistic comparison of the two modes becomes an important question. Of course, in terms of human development, speech has primary status. (...) Once a culture has developed written communication, however, there is no reason to regard writing as secondary within that context. (...) From this perspective, neither can be said to be primary; they are simply different (Biber 1988:8-9 apud Castellà 2004:20).

Como consecuencia do primeiro paradoxo, descoñecemos bastante da gramática da lingua oral. E como consecuencia do segundo paradoxo, descoñecemos como sería a visión da oralidade sen o filtro da escritura. Tanto un coma outro paradoxo prodúcese porque existe a escrita e porque a invención e desenvolvemento da escrita cambiou para sempre a natureza e a concepción que temos da oralidade e da propia lingua.

A més, la veu, a través del to i al costat del gest, constitueix la manifestació de la personalitat. Per això, en una mentalitat no alfabetitzada es fa difícil, per no dir imposible, distingir entre la llengua i la persona mateixa. La vista, en canvi, focalitza, crea un distància entre el subjecte (escriptor o lector) i l'objecte escrit (el text en el sentit llatí de *textum* 'trama, teixit'), i possibilita de concebre el lleguatge com a matèria d'estudi (Castellà 2004:15).

Por esta mesma razón tamén é difícil comprender ben a oralidade dunha sociedade alfabetizada sen prestarlle atención á escrita, porque, como se menciona arriba, a aparición desta última cambiou para sempre a nosa maneira de pensar e razoal<sup>1</sup> e, por conseguinte, tamén de falar.

Por outra parte, aínda que con frecuencia se alude a esta dicotomía entre oral e escrito, a maior parte dos autores defenden que en realidade se trata dun continuum e que moitas das características que habitualmente se enumeran correspóndense a manifestacións prototípicas. En moitos casos veremos que estamos ante manifestacións híbridas que presentan características tanto da oralidade coma da escrita.

## 2. ORALIDADE E ESCRITURA

Halliday (1989) propón a cuestión de se podemos dicir que falar e escribir son diferentes maneiras de expresar ou dicir os mesmos significados ou cousas. A resposta é que si, e tamén non: parece claro que, polo menos teoricamente, podemos poñer por escrito calquera produción oral, do mesmo xeito que podemos expresar oralmente calquera texto escrito. Con todo, hai importantes matizacións que facer a esta resposta.

Halliday, para ilustrar esta resposta afirmativa e negativa a un tempo, fai unha analogía co que ocorre cando falamos das diferentes linguas e dicimos

1. É o que algúns autores denominan o xurdimento da "mente alfabética" (*alphabetic mind*). Vid. unha interesante revisión aos cambios acaecidos na oralidade da Antiga Grecia como consecuencia da invención do alfabeto grego en Jahandarie (1999:11-28).

que o que se di nunha lingua tamén se pode dicir en calquera outra. Si, potencialmente, todas as linguas teñen a mesma capacidade para expresar significados; pero dicimos “potencialmente”, “capacidade de”, non dicimos que efectivamente o fagan. Cada lingua evoluciona na súa propia cultura e adáptase ás necesidades de expresar determinados significados en cada sociedade: por conseguinte, cada lingua desenvolve os mecanismos necesarios para expresar os significados útiles para a súa cultura, pero se cadra non está tan ben equipada para expresar algúns dos significados útiles noutras culturas. Pensemos nos problemas que se presentan na tradución, onde moitas veces a dificultade está en que a obra orixinal está nunha sociedade ou cultura que conta con elementos descoñecidos na lingua de destino.

Mais imaxinemos tamén o caso dunha comunidade onde existe unha cultura tradicional e onde nun momento dado penetra unha cultura nova, de orixe urbana, por exemplo: as culturas invasoras, por dicilo así, non só poden substituír as culturas autóctonas, primitivas ou tradicionais, senón que tamén cambian, e moito, a maneira de falar da xente, pois introducen novas necesidades expresivas. Neste caso non só afecta á cultura material que esa nova cultura poida traer aparelhada, senón tamén dá lugar á aparición de novos usos e costumes sociais, novas situacións comunicativas, que requiren de adaptacións ou innovacións expresivas tamén.

Así, por exemplo, a aparición do teléfono non só trae consigo o termo teléfono e todo o léxico con el relacionado, senón que tamén implica unha nova situación comunicativa e con ela aparecen novos actos de fala coas súas convencións, pois non nos relacionamos, nin falamos, do mesmo xeito nunha conversa cara a cara ca nunha conversa telefónica: non é o mesmo petar na porta da casa dun amigo, que che abra a porta e comezar unha conversa, ca chamar por teléfono a este amigo e que che conteste ao outro lado da liña; deste xeito, as convencións e, por conseguinte, as expresións asociadas a estas dúas situacións tamén son diferentes.

### 2.1. *Significados paralingüísticos*

Non podemos dicir exactamente o mesmo, porque a lingua escrita deixa fóra todo o significado prosódico, quinésico, proxémico... En xeral, poderíamos dicir que a través da escrita non se transmite a meirande parte do significado paralingüístico que porta consigo a expresión oral. A lingua oral, pola súa vez, non ten os sinais presentes na lingua escrita que indican, por exemplo, a separación en parágrafos ou a cita literal, se ben é certo que hai mecanismos de diverso tipo, sobre todo prosódicos e xestuais, que nos permiten sinalar moitos destes contidos.

Agora ben, isto non significa que todas as manifestacións verbais se atengan estritamente a esta dicotomía. Reparemos, por exemplo, na comunicación telefónica<sup>2</sup>, onde se perde toda a información transmitida a través dos xestos e da posición relativa no espazo, dado que se trata dunha comunicación que se dá simultaneamente, pero onde non se comparte a localización espacial. Neste caso cobran especial relevancia os significados paralingüísticos transmitidos a través da voz (calidade, timbre, intensidade, etc.) e da prosodia. Sería interesante estudar as diferenzas prosódicas e vocais da comunicación cara a cara e da comunicación telefónica, para facer unha pesquiza dos recursos que se utilizan, pois poida que se faga un uso máis profuso e coidadoso dos recursos prosódicos. Tamén é posible que non haxa diferenzas importantes na produción e que a prosodia utilizada sexa moi semellante, pero que si aparezan diferenzas na percepción, isto é, que os recursos prosódicos sexan similares, pero que o receptor preste moita maior atención a eles no caso da conversa telefónica, dado que non ten á súa disposición a información que transmiten a expresión facial, os acenos ou a postura.

E do mesmo xeito que hai comunicacións orais onde se perde parte da información paralingüística, tamén hai comunicacións escritas onde se utilizan mecanismos alén dos convencionais para transmitir certa información paralingüística. Así, é moi frecuente nos correos electrónicos, mensaxes de texto a través do móbil, chats ou conversas a través de sistemas de mensaxería instantánea, que se utilicen un grande número de signos de interrogación, admiración, emoticonas ou cariñas, onomatopeias, etc. O máis curioso é que neste tipo de manifestacións escritas, amais de non se respectaren moitas das convencións ortográficas, adóitase facer un uso bastante laxo dos signos de puntuación (é frecuente a ausencia de puntos, comas...), mais úsanse con profusión estes símbolos coa intención sobre todo de transmitir significados expresivos.

## 2.2. Funcións

Na práctica, a lingua oral e a lingua escrita utilízanse en diferentes contextos e con diferentes finalidades. Deste xeito, aínda que se poida dicir o mesmo na fala e na escrita, non ten sentido que se faga. Non ten sentido que pidas por escrito o xornal no quiosco, aínda que poderías facelo, por-

2. Exceptuamos a videoconferencia. Probablemente tamén sería interesante comparar a xestualidade neste tipo de interaccións, porque é probable que o espazo non funcione do mesmo xeito ca no caso de conversas cara a cara. En todo caso, os significados proxémicos tamén se perden e nese sentido a quinésica funciona por forza de xeito diferente.

que é moito máis práctico facelo oralmente (se non tes ningunha discapacidade que cho impida). Do mesmo xeito, non tería sentido que houbera unha persoa na entrada da porta da facultade dicíndolle a cada un que entra, que neste centro está prohibido fumar (é máis cómodo poñer letreiros que o indiquen). Actualmente, dispoñemos de multitude de sistemas de comunicación, tanto orais como escritos, e en cada caso e en cada circunstancia escollamos a opción que nos parece máis axeitada ou a que é máis acaída ás nosas necesidades, preferencias, etc. Hai veces que prefiro enviar un correo electrónico a facer unha chamada telefónica, quizais simplemente porque quero transmitir unha información, pero non desexo, ou non me é oportuno nese momento, manter unha interacción verbal con esa persoa. En ocasións, poden pesar motivacións económicas, pois é máis barato un sistema de comunicación ca outro.

Finalmente, Halliday (1989) sinala tamén que escrita e fala din diferentes cousas, porque nalgún sentido crean realidades diferentes, definen universos distintos. A escrita crea un mundo de cousas, define o seu universo como un produto; pola contra, a fala crea un mundo de acontecementos, define o seu universo como un proceso. Unha vez máis, esta característica axústase máis ben ao que son expresións orais e escritas prototípicas, pero non a novos modos de comunicación que abren camiños ata agora descoñecidos na expresión escrita: un exemplo claro son os chats, que son basicamente conversacións mantidas utilizando o medio escrito. Tamén hai unha diferenza de grao entre unha conversa mantida a través dunha mensaxería instantánea e unha mensaxe de correo electrónico: efectivamente, no primeiro caso creamos un mundo de acontecementos, mentres que no segundo creamos un produto que será consumido, ou lido, nun momento temporal descoñecido. Porén, son expresións escritas tanto unha coma outra, que comparten algunhas das súas características, pero que tamén amosan as súas especificidades. Pola súa vez, no caso da expresión oral hai exemplos que non se axustan perfectamente á oposición mencionada: non é o mesmo ter unha conversa telefónica ca deixar unha mensaxe no contestador, pois na primeira estamos efectivamente ante un proceso, mentres que na segunda creamos un produto.

A seguinte pregunta podería ser por que, na práctica, non se din as mesmas cousas, ou se se quere, por que mediante o medio oral e o medio escrito non expresamos as mesmas cousas. A resposta teremos que buscala en que a orixe e a natureza dun e doutro sistema son diferentes: a escrita nace para cubrir unha serie de necesidades que se lles presentan ás persoas e isto conforma a súa natureza, dótaa de certas características que finalmente terán unha serie de consecuencias. A escrita nace ante a necesidade de facer perdurable a información e, para conseguir este obxectivo, utiliza un “medio” tamén perdurable: materialízase fisicamente e a lingua convértese en algo

tanxible, unha realidade material que permanece, que podemos ver, deixar de ver e volver a ver cando desexemos. O medio visual permite esta operación, mentres que o medio sonoro non. Porén, é de salientar que isto ocorre mesmo agora que existen tecnoloxías descoñecidas na época en que nacen os sistemas de escritura, como por exemplo os sistemas de gravación magnética ou dixital do son. A razón é que estes dous medios ou materialidades que soportan a linguaxe teñen dúas dimensións temporais diferentes: os sons deixan de existir no mesmo momento en que son pronunciados e con eles desaparece a información que transportaban, mentres que as letras existen, con independencia de que sexan lidas ou non. Volvamos ao exemplo dos letreiros en que se indica que non se pode fumar: se en vez dun letreiro ou dunha persoa avisándonos de que non podemos fumar, o decanato da facultade puxese unha gravación onde se repetise que no centro non está permitido fumar, esa información só chegaría a nós no mesmo momento en que ese enunciado é pronunciado, pois cando a gravación remata, a información xa non existe, xa non é recuperable, teríamos que escoitar outra realización, outra materialización sonora para podermos acceder a esa información, mentres que o letreiro segue transmitindo a mesma información sempre, mesmo cando xa o lemos. Mais isto non significa que non haxa certas circunstancias semellantes á exposta en que se empregue o medio oral: por exemplo, no metro de Londres hai unha gravación que advirte, no momento en que se abren as portas que se teña coidado co oco que queda entre a plataforma e o tren (*Mind the gap*) ou que se estea atento a non dar un golpe coa cabeza ao traspasar a porta (*Mind your head*). Probablemente, aínda que efectivamente é un caso semellante ao exemplo anterior, neste caso é posible, e sobre todo eficaz, facelo oralmente, porque no momento en que se abre a porta, non hai ningún sitio onde poñer un letreiro que nos advirta a tempo, antes de que metamos o pé onde non debemos ou batamos coa cabeza; e tamén se pode facer porque é unha mensaxe curta, unha información sinxela (e necesaria só no momento puntual en que atravesamos a porta).

Por tanto, temos que ter en conta que a natureza do medio que soporta a linguaxe ten outra consecuencia importantísima, que é a cantidade e complexidade da información transmitida: a través do medio sonoro poderíamos dar unha información sinxela como a mencionada anteriormente, pero non outra máis longa ou máis complicada. Normalmente, cando unha información é moi complicada é máis útil tela por escrito, porque así podemos lela con calma, relela para entendela ben, volver a ela cando necesitemos recordala ou nos esquecese algún detalle. Deste xeito, cando compramos unha menciña, o farmacéutico dános o produto, quizais nos dá algunha breve explicación, pero non nos transmite oralmente a información relativa á súa

composición, posibles efectos secundarios, interacción con outros medicamentos, que debemos facer en caso de intoxicación, etc.; pola contra, a mención leva un prospecto escrito que contén toda esa información. Calquera seguramente tivo a experiencia de que alguén lle dá algunha indicación ou explicación e, se é importante ou complexa, rapidamente se apunta ou se lle pide a esa persoa que nolo dea por escrito. Así, malia existiren gravacións dixitais que nos permiten unha serie de operacións que eran máis dificultosas nas gravacións magnéticas, non adoitamos gardar os tratados de psicoloxía evolutiva ou de narrativa realista rusa en gravacións, porque a lectura permite e facilita certas operacións de decodificación que non permite o medio oral. É certo que existen audio-libros, pero estes son normalmente versións reducidas e o seu uso está asociado a determinadas actividades onde é difícil ler: é dicir, como estamos nunha situación que non nos permite ler, como por exemplo conducir, escoitamos a lectura en vez de ler nós mesmos o texto.

Tamén é certo que aínda que na actualidade aínda hai moitas situacións ou contextos comunicativos en que preferimos ou ben a expresión oral ou ben a expresión escrita, haberá que ver como modifica os usos e hábitos a existencia da videoconferencia e as ferramentas de recoñecemento da imaxe, recoñecemento do texto, síntese de voz, etc. Hai toda unha serie de tecnoloxías que a medida que melloren a súa calidade e aumente o seu uso probablemente influirán no modo de expresión, tanto oral como escrito (e aínda máis na decodificación que destes textos fagamos).

Con todo, o medio oral ten unha vantaxe indubidable, derivada do seu propio carácter efémero: podemos transmitir información máis rápida e facilmente. Da mesma maneira que antes comentabamos que ás veces lle pedimos a alguén que nos dea algo por escrito, moitas veces preferimos que nos transmitan a información oralmente: agás aos que nos encanta ler libros de instrucións, o que calquera quere é que veñan poñerlle a lavadora e lle expliquen de xeito breve e sinxelo como ten que utilizala; búscase unha simplificación da información contida no manual e así reducir considerablemente o tempo empregado en aprender o funcionamento dese aparello.

### 2.3. Aspectos psicosociais

Non só a natureza e a función de cada un destes medios de expresión é diferente, senón que ademais cada un deles presenta esixencias diferentes aos seus usuarios (Calsamiglia/Tusón 1999:46-47).

O falante ten á súa disposición todo o rexistro dos efectos do “ton de voz”, a expresión facial e os sistemas de posturas e xestos, pero tamén ten

que coordinalos e xestionalos. Con todo iso pode anular o efecto das palabras emitidas, aínda que habitualmente se utiliza para reforzar o significado verbal dos seus enunciados. Estes sinais paralingüísticos estalle negados ao escritor.

O falante procesa a súa produción baixo unha presión moito maior ca o escritor: ten que controlar o que acaba de dicir e determinar se concorda coas súas intencións, ao mesmo tempo que enuncia a expresión en curso, que a controla e que planifica simultaneamente o seu seguinte enunciado. Ademais, ten que vixiar non só a súa propia actuación, senón a súa recepción por parte do oínte. Por último, o falante non ten un rexistro do que xa dixo e, agás en certas circunstancias, non ten notas que lle indiquen o que debe dicir a continuación. Pola contra, o escritor pódelle botar un ollo ao que xa escribiu, facer pausas entre palabras (ata de días), consultar o dicionario ou outros libros, comparar o que escribiu coas súas notas, archivar o escrito e cambiar de opinión sobre o que quere dicir.

O falante pode observar o seu interlocutor e, se o desexa, modificar o que está dicindo para facelo máis accesible ou aceptable para o seu oínte. O escritor, no entanto, non ten acceso ás reaccións inmediatas dos seus lectores e todo o que pode facer é imaxinalas.

### 3. OS LÍMITES ENTRE O ORAL E O ESCRITO

Como xa adiantamos con algúns exemplos, as novas tecnoloxías traen canda si novos contextos para a realización dos actos comunicativos, de xeito que ás veces se traspasan as fronteiras tradicionais entre escrita e oralidade.

Dentro desta dicotomía entre oral e escrito falamos aínda moi pouco dos límites, das fronteiras... de se existe realmente un continuum que vaia desde a conversa espontánea ao texto xurídico. Cando utilizamos o parámetro da canle de transmisión para distinguirmos lingua oral e lingua escrita non parece que se presenten moitas dificultades, pois a lingua oral sería aquela que se transmite a través da canle fónica e a lingua escrita a través da canle gráfica. Porén, hai unha serie de graos intermedios que esta dicotomía non consegue representar.

Por exemplo, as noticias dos telexornais xéranse no medio gráfico, pois escríbense e lense, pero son decodificadas polo receptor en tempo real, utilizando o medio sonoro, aínda que moitas veces con apoio de imaxes, música e texto escrito en forma de titulares. Polo que se refire ao emisor, ten á súa disposición recursos de voz, prosódicos, proxémicos e quinésicos, se ben é certo que todos eles están filtrados pola convención televisiva, que é a



encargada de seleccionar e potenciar os que se considera axeitados. Como en calquera outra comunicación oral, o tipo de información que se transmite (no sentido de cantidade e complexidade) é de índole un pouco diferente á usual nas comunicacións orais, favorecida por recursos como a música, as imaxes, os titulares... Ademais, a expresión estritamente lingüística adoita tomar formas moi sinxelas, sobre todo desde o punto de vista sintáctico. Por outra parte, desde o punto de vista do receptor, é imprescindible decodificar a mensaxe en tempo real e, aínda que os medios tecnolóxicos o permiten, polo xeral non se gravan os telexornais para volvelos escoitar, repetir aquilo que non se entendeu ben... Mais se tomamos en consideración as esixencias ás que está sometido o emisor, vemos que son de índole diferente ás dun emisor normal, pois aquel ten o texto escrito e seguramente non é a primeira vez que o le; ademais, o locutor non pode modificar a súa mensaxe en función da reacción dos seus receptores, pois como lle sucede ao escritor, non ten acceso á súa reacción inmediata.

Outro exemplo interesante é o das conversas na mensaxería instantánea: a canle neste caso é gráfica, pois escíbense e lense, pero móvense nunha dimensión temporal máis semellante á da transmisión oral, porque polo xeral prodúcese e decodifícanse case como as realizacións orais. Con todo, non chegan a xerar un proceso igual ao dunha conversa normal, porque este tipo de comunicacións permiten volver atrás se necesitamos comprobar algún dato ou detalle do que escribimos ou lemos antes, así como refacer o que estamos a escribir mentres imos lendo o que a outra persoa escribe. Os usuarios non teñen á súa disposición os recursos prosódicos e xestuais, pero xa aludimos antes á profusión neste tipo de conversas de signos ortográficos que teñen como finalidade engadir significados expresivos e de emoticonas que pretenden amosar ao interlocutor o estado de ánimo do emisor ou a súa actitude ante a información que transmite ou recibe.

Daquela, para clasificarmos unha determinada expresión como oral ou escrita, ¿cal é o criterio que debemos empregar? A canle a través do que se transmite non parece ser un criterio adecuado e, por tanto, cómpre engadir outros parámetros.

Castellà (2004:21-33) toma de Halliday a distinción entre *canle* e *modo* do rexistro, de xeito que, por unha parte, a canle sería o medio físico ou o sistema a través do que se realiza a comunicación (canle televisiva, canle gráfica, canle electrónica, etc.) e, por outra parte, o modo sería o estilo lingüístico e discursivo que está determinado polas condicións físicas de produción e percepción do texto (modo oral e modo escrito). Xa que logo, a canle non é o criterio para opoñer oral a escrito, senón que é un parámetro máis dos que inciden no modo do rexistro. Xunto a este parámetro da canle de transmisión, atopamos outros como:

Planificación / non planificación  
Monoxestión / polixestión  
Unidireccionalidade / multidireccionalidade  
Simultaneidade no espazo / non simultaneidade no espazo  
Simultaneidade no tempo / non simultaneidade no tempo

Se retornamos aos exemplos anteriores veremos que estes parámetros se combinan de xeito diverso en cada un dos casos: no caso da noticia do telexornal, efectivamente estamos ante unha canle de tipo acústico, pero o discurso é planificado, monoxestionado, unidireccional, non simultáneo no espazo, e simultáneo no tempo; no caso dunha conversa no messenger, aínda que a canle é gráfica, estamos ante un texto non planificado, polixestionado, multidireccional, non simultáneo no espazo, e non necesariamente simultáneo no tempo.

La combinació d'aquests factors fa aparèixer uns grups de característiques lingüístiques que s'anomenen *mode o registre oral* i *mode o registre escrit*. Oral i escrit són, per tant, estils discursius resultants de la influència d'una suma de factors (Castellà 2004:22).

Moitos dos parámetros antes mencionados non son oposicións categoriais nin presentan uns límites perfectamente definidos. É obvio que no parámetro da planificación podemos falar de graos moi diversos de planificación, desde o totalmente espontáneo ata o planificado ata o último detalle ou mesmo memorizado. Polo que se refire á simultaneidade no tempo, as conversas electrónicas, aínda que son a priori simultáneas, permiten unha marxe de reacción máis ampla ca no caso das conversas cara a cara: podemos ler a mensaxe, comezar a escribir a resposta, borrarla, cambiala... ou mesmo reflexionar un tempo sobre a resposta ou a información que queremos transmitir. Aínda máis, é posible estar a conversar, pero sentir o teléfono e ir responder ou atender a alguén que reclama a nosa atención, de modo que deixamos a conversa, con frecuencia sen avisar, e volvemos máis tarde cando nos é posible para retomarmos a conversa no punto onde quedou, sempre que a outra persoa siga dispoñible.

#### 4. ALGUNHAS OBSERVACIÓNS EN RELACIÓN CO REXISTRO

Máis arriba falabamos do *modo do rexistro* para situarmos o oral e o escrito, non como elementos dunha dicotomía, senón dentro dun continuum: o modo oral e o modo escrito son estilos lingüísticos e discursivos determi-

nados polas condicións físicas de produción e de percepción do texto. Con todo, o modo do rexistro combínase con outros factores situacionais, denominados *campo* e *teor*, de xeito que ao se combinaren xeran a construción dunha variedade de texto en sintonía coa situación (Calsamiglia/Tusón 1999: 325 e ss.).

O *campo* é o factor da situación que alude á esfera de actividade e a temática tratada, mentres que o *teor* é o factor situacional que se refire ás persoas, ás súas intencións comunicativas e ás relacións que se establecen entre os interlocutores.

Podríamos dicir que el registro sintetiza diversas combinacións de orden macrotectual y microtextual para dar como resultado una unidad comunicativa que responde a una situación. (...) a través del registro, el habla de los individuos se adapta y acomoda a los usos sociales. Por ello, la competencia en el registro se basa en la familiaridad con situaciones diversas. La participación en situaciones de comunicación variadas, de las más informales a las más formales, es la clave del aumento del repertorio de registro de un hablante. La capacidad de seleccionar el registro pertinente y la capacidad de variar de registro constituye una parte importante de la competencia comunicativa (Calsamiglia/Tusón 1999:330).

O galego, como é ben coñecido, era o código utilizado nas comunicacións orais máis informais, mentres que o castelán era o código escollido para a maior parte das comunicacións formais, e exclusivo no medio escrito. Actualmente, a situación cambiou bastante, pois o galego non só está presente no medio escrito (mesmo nos rexistros máis coloquiais da escrita, como os chats), senón tamén en ámbitos de uso oral onde antes era moi infrecuente (en xuízos, conferencias, televisión, etc.).

Por outra parte, hai que ter en conta que as variedades que aparecen nos distintos actos comunicativos non só dependen de factores situacionais, senón tamén xeográficos e sociais. Ademais, a variedade usada non só serve para acadar de maneira máis eficaz os nosos obxectivos comunicativos, senón que tamén vai contribuír de xeito decisivo a que o noso interlocutor constrúa unha determinada imaxe de nós en relación coa posición económica, formación cultural, orientación ideolóxica...

Desde que comezou o proceso de codificación e, sobre todo, de difusión do galego estándar, do galego considerado correcto, comezaron tamén a aparecer algúns problemas: en parte porque por primeira vez hai falantes que non dominan unha variedade popular da lingua (aprenderon a lingua na escola, a través dos libros ou dos medios de comunicación e non no seu medio natural), e tamén en parte porque o galego estándar veu dalgún xeito a salvagardar o galego da contaminación do castelán. Así, o estándar non é

só unha variedade culta e formal, senón que tamén é a variedade purista, libre de castelanismos. Deste xeito, converteuse na variedade axeitada para esas situacións comunicativas máis formais, pero tamén influíu no resto dos rexistros e niveis, pois moitos falantes usan variedades nestes niveis igualmente libres de interferencias co castelán. Deste xeito, prodúcese a situación de que nun contexto que require unha variedade coloquial, hai falantes que usan a que poderíamos denominar tradicional (interferida polo castelán sobre todo lexicamente), mentres que outros falantes empregan unha variedade coloquial do estándar (con frecuencia interferida polo castelán no nivel fónico, e mesmo gramatical). Aínda que non se poida dicir que ningunha desas dúas non sexa apropiada, si inciden no resultado da comunicación, en tanto que afectan ao *teor interpersonal* (factor situacional dependente da relación que se establece entre os intervinientes no acto comunicativo). Un dos eixes do teor interpersonal establécese na oposición *xerarquía/solidariedade*, de xeito que o uso dunha ou outra variedade pode facer que se estableza ou rompa o vínculo de solidariedade. Por exemplo, se paseamos por unha aldea e queremos saber por onde se vai a un determinado lugar ou se queremos simplemente iniciar unha conversa, non convén que nos identifiquen con falantes urbanos ou dun nivel sociocultural superior ao seu, senón que interesa máis manter o vínculo de solidariedade que nos permita manter unha interacción a través da que consigamos o noso obxectivo. Así, ás veces a variación diastrática non é só un factor persoal, dependente sobre todo do nivel socio-cultural do falante, senón que tamén se pode converter nunha elección dependente do contexto<sup>3</sup>.

Toda comunicación ten un obxectivo: en función do obxectivo que teñamos, así faremos as nosas escollas, tamén a escolla da variedade (contextual e/ou social) máis axeitada. Cantas máis variedades dominemos, mellor poderemos adaptarnos a cada contexto ou situación e así conseguir máis eficazmente os nosos obxectivos. A variedade estándar xoga coa vantaxe de ser a variedade prestixiada, pero as variedades dialectais e mesmo populares teñen a vantaxe de que permiten establecer un vínculo de solidariedade co grupo, que moitas veces benefician os obxectivos que queremos conseguir.

Na lingüística galega tense traballado bastante na variación xeográfica, pero o estudo da variación contextual e da variación social está aínda por facer. Ademais, penso que sería moi interesante investigar a interrelación entre ambos os eixes de variación, sobre todo no que se refire ao modo en que interactúan o teor e o modo do rexistro coas diferentes variedades sinstráticas.

3. Obviamente, a posibilidade de escoller entre dúas variedades sociais diferentes está sobre todo ao alcance dos que, tendo como lingua materna o galego e dominando a variedade máis popular (en certo sentido, tradicional) do galego, teñen asemade a formación cultural e académica que lles dá acceso tamén ao dominio do estándar.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Abascal, M.<sup>a</sup> Dolores (2004): *La teoría de la oralidad*. Málaga: Universidad de Málaga.
- Adam, J. M. (1992): *Les textes: types et prototypes. Récit, description, argumentation, explication et dialogue*. París: Nathan Université.
- Albaladejo Mayordomo, Tomás (2005): "Retórica, comunicación, interdiscursividad", *Revista de Investigación Lingüística* VIII, 7-33.
- Alcolba, Santiago (2000) (coord.): *La expresión oral*. Barcelona: Ariel.
- Álvarez Muro, Alexandra (2001): "Análisis de la oralidad: una poética del habla cotidiana". *Estudios de Lingüística Española* 15 (revista electrónica: <http://elies.rediris.es/elies15/index.html#ind> ).
- Blanche-Benveniste, Claire (1998): *Estudios lingüísticos sobre la relación entre oralidad y escritura*. Madrid: Gedisa.
- Calsamiglia, Helena & Amparo Tusón (1999): *Las cosas del decir. Manual de análisis del discurso*. Barcelona: Ariel.
- Castellà Lidon, Josep M. (2004): *Oralitat i escriptura. Dues cares de la complexitat en el llenguatge*. Barcelona: Publicacions de l'Abadia de Montserrat.
- Crystal, David (2001): *Language and the internet*. Cambridge: Cambridge University Press. Traducción española de Pedro Tena, *El lenguaje e internet*. Madrid: Cambridge University Press, 2002.
- Halliday, M.A.K (1985): *Spoken and written discourse*. Oxford: Oxford University Press.
- Jahandarie, Khosrow (1999): *Spoken and written discourse: A multi-disciplinary perspective*. Stamford, Connecticut: Ablex Publishing Corporation.
- Ong, W. J. (1987): *Oralidad y escritura. Tecnologías de la palabra*, Fondo de Cultura Económica, México. Traducción de *Orality and literacy. The technologizing of the word*. Londres/Nova York: Methuen, 1982.